

# Ubuntu Desktop: Obxectivos e escenarios da PARTE I

- Nesta primeira parte, o usuario non vai instalar ningún sistema operativo, nin sequera crear ningunha partición. Iso farase na PARTE II do curso.
- Como o obxectivo final deste curso é ter instalados 2 sistemas operativos no ordenador (**sistema dual**): o que ten actualmente (MS Windows) e Linux (a distribución de Ubuntu). Pois para que non acaeza ningunha catástrofe é preciso planificar o proceso de instalación de Ubuntu e realizar as medidas preventivas oportunas para non perder nada o sistema operativo actual. Por iso esta primeira parte está adicada a: planificar e realizar operacións de backup para estar previstos ante calquera continxencia.
- Nesta primeira parte vaise:
  - ◆ Contextualizar o curso: que é GNU/Linux e as distribucións.
  - ◆ Revisar conceptos previos a instalación de Ubuntu, proceso que se fará na parte II do curso e non nesta parte.
  - ◆ Estudar as características de Ubuntu
  - ◆ Antes de instalar Ubuntu hai que:
    - ◇ **Analizar a situación de partida**
    - ◇ Facer **copias de seguranza** dos datos que se desexen conservar, por se na PARTE II (no proceso de instalación) ocorre un desastre, que sempre se está suxeito a que suceda. Pero para iso debemos ter a tranquilidade de que a información que nos interesa está ben gardada en copias de seguridade.
    - ◇ **Estudar a situación de destino** que se desexa implantar. Isto é, non hai que crear particións, simplemente nun papel, ou nun procesador de textos indicar de onde se parte e onde se desexa chegar. Nada máis.
- A seguinte imaxe ilustra o exposto anteriormente:

## Escenario 1: Análise do punto de partida e estudo do punto de chegada



**Windows-Base  
Sistemas Operativos:**  
Windows XP,  
Windows Vista ou  
Windows 7

### Análise dun suposto disco de partida

100 MB W7	<b>Tamaño Total:</b>	99,90 GB
	<b>Usado:</b>	8 GB (p.e.)
	<b>Contido:</b>	Sistema Windows programas e datos persoais

Copia de seguridade  
dos datos (docs, fotos,  
vídeos, exames, etc.)

En calquera soporte.



### Estudo do punto de destino. Posibles distribucións do disco

#### Opción A: completa

100 MB W7	40 GB Windows, prog.e datos persoais	10 GB S.O. Linux e programas	2 GB Intercambio Mem. Virtual	40 GB Datos persoais dos usuarios do S.O. Linux	7,90 GB Intercambio Windows/ Linux
-----------------	--	------------------------------------	-------------------------------------	---	---

#### Opción B: sinxela

100 MB W7	40 GB Windows, prog.e datos persoais	57,90 GB S.O. Linux e programas. DATOS DOS USUARIOS DO S.O. LINUX	2 GB Intercambio Mem. Virtual
-----------------	--	---	-------------------------------------

- A imaxe ven a esbozar unha posible situación de partida, pero cada usuario que siga o curso terá:
  - ◆ O ordenador co seu propio nome
  - ◆ O disco duro do ordenador, no punto de partida, organizado de outro xeito, coas súas propias particións e o sistema MS Windows que se preservar perante a instalación de Ubuntu.
  - ◆ O espazo libre (ou ocupado) no disco de partida non vai coincidir co da imaxe. Pero cada quen debe ter espazo libre suficiente para poder instalar o novo sistema operativo.
- O que se pretende é que o usuario faga croquis/esbozo/debuxo/etc. da situación desexada de destino, pero nada máis. Sobre todo os usuarios que sigan o curso a través de Platega, non deben crear nin formatar ningunha partición ate ter o visto bó dos relatores para pasar á parte II do curso.
  
- **O material para este curso está elaborado partindo dun ordenador instalado co sistema operativo Windows 7**, pero pódese ter instalado calquera outro: Windows XP, Windows Vista, etc.